

II. AUTORIDADES E PERSOAL**b) NOMEAMENTOS:****PRESIDENCIA**

Decreto 147/2005, do 2 de xuño, polo que se nomea presidente do Consello de Dirección do Consorcio Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia a Manuel Cecilio Díaz y Díaz.

De conformidade co establecido no artigo 19 dos estatutos do Consorcio Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia, e vista a proposta formulada polo conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria no escrito do día dezaseis de maio de dous mil cinco,

Nomeo a Manuel Cecilio Díaz y Díaz presidente do Consello de Dirección do Consorcio Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia.

Santiago de Compostela, dous de xuño de dous mil cinco.

Manuel Fraga Iribarne
Presidente

**CONSELLERÍA DE ASUNTOS SOCIAIS,
EMPREGO E RELACIÓNS LABORAIS**

Orde do 30 de maio de 2005 pola que se dispón o nomeamento de membros do Consello Galego de Cooperativas.

O Decreto 25/2001, do 18 de xaneiro, polo que se regula a organización e funcionamento do Consello Galego de Cooperativas, desenvolve as previsións contidas na súa norma de creación, a Lei 5/1998, do 18 de decembro, de cooperativas de Galicia, e regula no seu artigo cuarto a composición, no artigo quinto o procedemento de nomeamento e cesamento dos membros deste órgano e no artigo sexto as substitucións.

En consecuencia, en virtude das facultades que me confire o artigo 38 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente, reformada pola Lei 11/1998, do 20 de outubro, o artigo 5 e a disposición derradeira primeira do Decreto 25/2001, do 18 de xaneiro, en relación cos decretos 23/2003, do 20 de xaneiro, polo que se fixa a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia, e 210/2004, do 9 de setembro, e 301/2004, do 22 de decembro, que establecen o nomeamento como conselleira de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais e a estrutura orgánica da consellería, respectivamente,

DISPOÑO:

Artigo único.

1. O nomeamento do director xeral de Universidades, José Eduardo López Pereira, e do subdirector xeral de Universidades, Ramón Brigos Fernández, como membros titular e suplente, respectivamente, do Consello Galego de Cooperativas, en represen-

tación das universidades galegas, por proposta do Consello Galego de Universidades.

2. O nomeamento do xefe do Servizo de Cooperativas e Economía Social, Manuel Ángel Pérez Losada, como suplente da secretaria do Consello Galego de Cooperativas, por proposta da Dirección Xeral de Relacións Laborais.

Santiago de Compostela, 30 de maio de 2005.

Belén Prado Sanjurjo
Conselleira de Asuntos Sociais, Emprego
e Relacións Laborais

c) SUBSTITUCIÓNS:**PRESIDENCIA**

Decreto 148/2005, do 7 de xuño, polo que se acorda encargarlle o despacho de asuntos da Consellería de Sanidade durante a ausencia do seu titular ao conselleiro da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública.

Con motivo da viaxe do conselleiro de Sanidade a Venezuela é necesario prover a substitución durante o tempo da súa ausencia.

Polo tanto, en uso das atribucións que me confire o artigo 26.7º da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente,

DISPOÑO:

Artigo único.-Durante a ausencia do conselleiro de Sanidade, con motivo da súa viaxe a Venezuela, encárgaselle o despacho dos asuntos da Consellería de Sanidade, desde o día 8 de xuño ata o seu regreso, ao conselleiro da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública.

Santiago de Compostela, sete de xuño de dous mil cinco.

Manuel Fraga Iribarne
Presidente

**III. OUTRAS DISPOSICIÓNS
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

Orde do 22 de maio de 2005 pola que se convocan premios á innovación educativa para o profesorado e centros sostidos con fondos públicos dependentes desta consellería.

As necesidades da sociedade e os cambios na concepción actual dos procesos de ensino-aprendizaxe xustifican que o sistema educativo fomente a participación nos procesos de innovación e investigación, co propósito de introducir novidades e renovar a práctica docente, como elemento de mellora.